Un espazo con mobles, alfombra e mesa baixa para sentarse. Espazo que invita a calma, a reunirse para ollar e compartir lecturas.
- ***Espazo de acollida.*** Espazo no chan con coxíns para tumbarse, descansar...De forma individual ou por parellas, os nenos e nenas atoparán un lugar de reencontro e de calma.
Neste espazo ademáis, temos dúas mesiñas con instrumento musical, obxectos e un par de xogos que permiten crear esa atmósfera de acollida.
Entre a nosa Biblio e o espazo de acollida temos unha alfombra grande onde nos reunimos para levar a cabo as nosas assembleas e postas en común. Dispoñemos de pizarra imantada que nos permite escribir con rotulador e recoller así ideas, listaxes de palabras, mapas mentais para plasmar os datos ou contidos adquiridos. Temos ademáis un calendario, panel das estacións e a listaxe dos nenos e nenas da aula. Este material nos serve para incorporar ás nosas rutinas do día a día na aula.
- ***Ambiente da Construcción.*** Espazo amplo de recreacións e construcións con materias naturais, de refugallo, pezas de madeira... Os tipos de agrupamentos varían en función das propostas a realizar. En pequeno grupo ou por parellas constrúen, planifican...
Tamén permite afondar en aspectos matemáticos.
- ***Ambiente Científico.*** Está integrado ao carón do ordenador e pantalla para facilitar a investigación ou proxectar imaxes. Nesta mesma parede colocamos a nosa mesa dos Minimundos(recreación de hábitats con animais). Directamente relacionado coas ciencias naturais e tamén co xogo simbólico. Sempre dotando dos materias necesarios para que os nenos/as constrúan e recreen situacións e hábitats relacionado co mundo animal e vexetal.

Conta ademáis cun amplo mesado no que temos un grifo que nos serve para as propostas de investigación onde está moi presente a auga, facilitando así a realización de experimentos.

Nesta mesma zona temos unha bandexas sensoriais para manipular, experimentar elementos naturais da nosa contorna que conectarán cos nosos proxectos de investigación. Trátase polo tanto dun ambiente para investigar, facer observacións e crear hipóteses onde anotarán os procesos e os datos recollidos en varios soportes que iremos cambiando ao longo do curso(libreta, pizarra, rexistros en táboas...)

Está conectado co ambiente da Biblio xa que favorece a búsqueda de información e manexo de exemplares para as súas investigacións.

- ***Ambiente Lecto-escritura.*** Un espazo no que ofrecemos concretamente propostas para traballar a escritura dende 3 aspectos fundamentais: a conciencia fonolóxica(co manexo de materiais diversos: tarxetas de imaxes, letras móbiles...), motricidade fina e un espazo para a escritura libre. É un lugar que convida a comunicarse e expresarse mediante a escritura. Será un espazo permanente ao longo do curso e nalgunhas ocasións ofreceremos propostas máis pechadas e dirixidas enfocadas a traballar diferentes tipos de textos(mensaxes, notas, listaxes, rimas, receitas, carteis...). Será de forma significativa e contextualizada en función da necesidades de comunicarnos e relacionados cos proxectos que estemos a investigar na aula.
Na aula, integraremos nos diferentes ambientes, soportes e propostas para a escritura.
- ***Ambiente da Arte.*** Un ambiente para expresar as súas emocións, a capacidade artística con beleza, orixinalidade e creatividade facendo alusión tamén ao pequeno detalle.
Contamos cunha mesa e cadeiras para que poidan estar sentados, un caballete para a representación gráfica en vertical e unha zona de mesas que destinamos ao “Noso Museo”. A idea non é outra que darlle visibilidade e valorar os traballos realizados polos/as compañeiros/as así como, a propia valoración dos nosos museos onde están presentes as obras artísticas de gran importancia e valor cultural. De maneira especial a que está presente na nosa contorna. Traballamos con plasti, barro, pintan con témperas e acuarela, emprego de rotuladores e outros utís para debuxar para recortar, pegar, compoñer e crear case sempre empregando material de refugallo coa idea de reducir, reutilizar e coidar así, do noso medio

ambiente. Facemos referencia tamén as diferentes obras artísticas de pintores coñecidos creación de estruturas, figuras de papel, mandalas....

- **Ambiente simbólico.** Onde recrean esceas da vida cotiá. Un xogo que require de planificación fomenta a interacción social, rexistro de notas, visualización de folletos, revistas, libros e outros utís e instrumentos propios da temática que se recreen en cada momento. Esta temática fará referencia ás propostas ou proxectos que se estean a realizar na aula. Neste momento comezamos por recrear unha Oficina de Turismo coincidindo coa volta das vacacións e o noso verán que está integrado na recreación das estacións do ano no noso proxecto

“ El viaje de las árboles “.


Este proxecto está pensado para levar a cabo neste 1º ciclo de Primaria. Nace coa intencionalidade de crear un proxecto común onde os nenos e nenas poderán realizar propostas nas que integren as súas ideas, aprendizaxes e procesos. Algunhas das propostas están pensadas para establecer o “contacto a distancia” coas súas aprendizaxes e compartilas. Pero tamén hai unha parte das propostas que ofrecen unha maior autonomía na súas aprendizaxes e procesos con diferente grao de complexidade segundo o curso ao que van destinadas.

MESA ESTACIONAL, situada na entrada á aula e conectada co ambiente científico. Trátase dun pequeno espazo onde os nenos e nenas se poden achegar para compoñer “a súa estación”, as estacións do ano. Dado o proxecto que estamos a crear e que será o eixe vertebrador da nosa programación e unha constante ao longo do curso, imos a realizar investigacións e propostas relacionadas coas árbores: as da nosa contorna, poñer en valor a súa riqueza nos espazos naturais e na natureza, facendo observacións dos cambios que se experimentan co paso dunha estación a outra. Esta mesa estacional “ é algo **VIVO**” cada quen pode crear a súa propia, nos conecta en espacio e tempo cos cambios que se producen en cada estación. En cada unha delas haberá elementos naturais que identifiquen a cada estación ademáis de estar identificadas coas tonalidades propias.

A fotografía será un recurso para ir retratando estes procesos e o uso e manexo da cámara fotográfica, unha ferramenta que estará presente na aula e tamén nos paseos que realicen en familia. Implicando así ás familias no noso proxecto.

AS APRENDIZAXES VIVENCIAIS

Programamos sesións didácticas nas que o alumnado teña a oportunidade de sentir, vivir e emocionarse coas aprendizaxes. Levaranse a cabo actividades relacionadas cos contidos das diferentes áreas curriculares que serán tratados dende unha vertente máis real e significativa e donde o alumno experimente dun xeito directo para finalmente, chegar a adquirir conceptos e representacións reais e próximas.



A nosa concepción que temos sobre o alumnado inflúe na nosa maneira de intervir, programar e avaliar. Por iso, teremos en conta unhas estruturas de organización metodolóxica que posibilitan o desenvolvemento global do

alumnado. Deste xeito, estableceremos a seguinte organización espacio-temporal atendendo a unhas estratexias estruturadas e sistematizadas:

<p>MOMENTOS DE CONVERSA, DIÁLOGO E RUTINAS. Momento colectivo : asambleas.</p>
<p>MOMENTO DE APRENDIZAXES INSTRUMENTAIS. Aprendizaxe intrumental curricular conectada cos proxectos didácticos e coas propostas dos diferentes ambientes da aula.</p>
<p>MOMENTO DE LECER É o momento do que gozan cada día o alumnado do centro e que consideramos de vital importancia xa que onde teñen a oportunidade de xogar dun xeito máis espontáneo, en gran grupo e ao aire libre. O patio estase a converter nun espazo máis de aprendizaxe coa mellora e o empeño do claustro e da ANPA: patios dinámicos onde atopan diferentes obxectos, zonas con elementos para movemento, para as ciencias, mates, conversas, música...etc. É un momento no que o alumnado debe de aprender a xestionar o seu tempo libre.</p>
<p>MOMENTOS DE PROXECTOS E OBRADOIROS Forma parte dun tempo de aprendizaxe sentido, vivido e estimulante: a aprendizaxe da arte, das ciencias, dos valores sociais e cívicos con obradoiros, propostas, experiencias..... <i>Polo de agora realizaranse só co grupo- burbulla de referencia, tendo en conta que no momento en que nos sexa posible, mesturarse ao alumnado de 1º e 2º de Primaria. As aprendizaxes coa mestura de idades é moi enriquecedora a nivel de convivencia entre iguais, de axuda e cooperación, entre outras.</i> Esta aprendizaxe baseada en proxectos facilita enormemente a consecución dos obxectivos marcados para o noso alumnado: son motivadores, integradores, axudan a socializar, son significativos e parten dos intereses e inxerencias dos nenos e nenas. Un ensino globalizado dos contidos escolares e unha aprendizaxe integral. Serán proxectos de investigación, de descubrimento directamente relacionados coa nosa contorna, co noso contexto e situación actual..... Algunhas propostas realizaran se por equipos de 5 alumnos para que dun xeito colaborativo, van desenvolvendo as competencias básicas.</p>

Tamén será a nivel individual, onde cada un aporte o que sabe, o que sinte...compartir cos demais e así crear entre todos un produto común e final ao noso proxecto.

Ao longo do curso escolar se establecerán nas aulas, ambientes de aprendizaxe (podemos crear algún de forma puntual debido a necesidade do proxecto): das artes, ciencias, tecnoloxías, das palabras e dos números....

Nestes proxectos de investigación, empregaremos ademais os libros de consulta que temos na nosa Biblio para documentarnos, e as tecnoloxías para conectarnos co exterior, dar a coñecer o noso proxecto ao claustro para expandir as nosas propostas as demais aulas. O emprego da cámara fotográfica para captar a realidade, o que vemos dende as nosas ventás da aula ou dende o noso balcón que temos no corredor, será unha ferramenta de uso diario no día a día na aula e tamén no ámbito familiar a través das propostas que saían da aula.

Outras características metodolóxicas vitais no modelo de centro que queremos, son as que seguen:

- **A mestura de idades**, é un elemento máis que amplía tanto no marco da diversidade como na interacción social. Será unha das dinámicas a poñer en marcha cando a situación nos deixe voltar á “normalidade”. O noso centro aposta por este tipo de modalidade que estivemos poñendo en práctica cos diferentes niveis nas etapas de Infantil e Primaria. Os procesos didácticos e as interaccións sociais que se viven con este tipo de mestura de idades nos diferentes espazos de aprendizaxe, nos obradoiros, proxectos...son moi enriquecedoras con resultados moi positivos.
- **A integración das TICS nas aulas**. A través dunha metodoloxía que permita ao alumnado no interior da aula, contar con recursos tecnolóxicos e aplicacións informáticas para a elaboración de proxectos e plans de traballo.

Neste momento a nosa prioridade será a de dar a coñecer o noso blog onde presentamos varias das nosas propostas existentes dos diferentes ambientes da aula, os nosos proxectos, novidades e experiencias vividas dentro e fóra da aula. Será unha ventá aberta ás familias e aos nenos/as onde se asomen para ver o noso día a día e as propostas que nun momento determinado poden servir como guía, fonte de recursos a seguir na casa. Conecta ademais o entorno escolar co ambiente familiar.

- **A Biblioteca**, como lugar para gozar das lecturas, dos momentos de investigación para completar os nosos proxectos, dinamizar as nosas lecturas...de forma individual, pequeno grupo ou gran grupo onde cada quen atope un espazo para desconectar, relaxarse cos libros e os nosos contos.
Un lugar para descubrir, experimentar e sentir....
- **Implicamos ao alumnado na autoavaliación**. Esto nos permitirá tomar conciencia da súa propia evolución nos procesos de aprendizaxe que se desenvolvan.
- **O traballo en equipo de todo o profesorado**. É imprescindible para deseñar e xestionar os programas e proxectos didácticos , avaliar o proceso de aprendizaxe, cumprir co traballo diario e levar acabo os proxectos de centro.
- **A formación do profesorado** ten que ser permanente e continuada.Todas as fontes de coñecemento son enriquecedoras pero pensamos que son esenciais as dinámicas fomativas que se dan no interior das estruturas do centro. Resulta moi importante que o centro dispoña de espazos, tempos e lugares nos que poder compartir experiencias formativas.

Temos a intención de seguir coa formación en Escolas vivas e activas, coas sesión de Observación que neste momento concreto temos parado. Nos momentos que sí o podemos levar a cabo, podemos afirmar que foi moi interesante que outros mestres da contorna nos viñeran a observar (en Infantil concretamente.). Puidemos amosar a nosa liña metodolóxica, os ambientes presentes nas aulas e a súas propostas, os nosos Obradoiros e a dinámica do Tránsito libre.....moi enriquecedor para todos/as . Experiencia que estamos dispostos volver a poñer en marcha en canto esta situación derivada da pandemia nolo permita.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Convén recordar que as nosas propostas na aula, os ambientes e os posibles proxectos que se leven a cabo durante todo o curso, xa contemplan medidas de atención á diversidade no que a elección libre se refire en cada unha das propostas que se poden atopar nos ambientes. Respecta o ritmo individual de cada neno/nena do xeito que se acercará a unhas propostas e non a outras posto que se sentirá máis a gusto e confiado. De forma progresiva se amplía o espazo polo que se move e se vai achegando a outras cando cre que sí, está máis preparado: con máis confianza, seguridade, a nivel emocional. Tal é o caso, no ambiente da escritura libre.

Dotar de seguridade e confianza así como, de confiar nos nenos/as de que

os seus avances se producirán, tamén son medidas de atención á diversidade nun marco de escola inclusiva. Apostamos polo acompañamento en todo o proceso dando un tempo prudencial para cada un dos nenos/nenas chegue a un punto óptimo de madurez e tamén a nivel neuronal, xa que nesta etapa evolutiva na que se atopan é un momento de máxima importancia.

Sin ánimo de adiantarnos a procesos e sen forzar, cada neno/a ten un ritmo é hai que respetalo.

Do mesmo xeito, se contemplan medidas e dinámicas de actuación para aqueles alumnos/as que precisen un reforzo ou un acompañamento por parte do mestre máis permanente ou constante .

Así podemos mencionar...

- **Grupos de reforzo nas áreas instrumentais.**

No que se refire fundamentalmente ao 1º curso de Primaria, se traballará en pequeno grupo a estimulación fonolóxica, comprensión lectora e o acercamento aos números e ao cálculo mental...para aqueles nenos/as que presenten dificultades na adquisición dos obxectivos propostos especialmente nas áreas das linguas e das matemáticas.

- **Alumnado con ritmo de aprendizaxe lenta.**

*Propoñeranse actividades con distintos niveis de dificultade, estimulantes e motivadoras integradas nas actividades que se realizan co resto do grupo.

*Aumentar as expectativas de éxito con actividades que poidan realizar xa que o éxito ten un factor motivador para a aprendizaxe.

*Adaptar as actividades ao seu nivel.

*Utilizar espazos que nos permita realizar un itinerario personalizado e variado para proporcionar axuda continuamente.

* Potenciar a axuda mutua entre o alumnado.

- **Alumnado co ritmo de aprendizaxe rápida.**

*Planificar actividades de afondamento, é decir, cun nivel superior de complexidade con respecto ás dos seus compañeiros.

*Propoñer actividades nas que ampliaremos o contido.

* Organizar algunha actividade para que o alumnado comparta os seus intereses co resto do grupo: a través da narración, iniciativas para levar a cabo proxectos, hipótesis, retos..

Contemplantase ademáis os diferentes medios e procesos que ten o alumnado , forma de percibir e expresar a información para garantir a súa comprensión , utilización e diferentes situacións da vida diaria, así como o axuste dos tempos, medios, instrumentos e procesos de avaliación.

Destacamos a importancia da colaboración e acompañamento coas familias que o precisen así como, colaboración para aportar material, seguimento de todo o proceso e intercambio de información.

Nos plans de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a relacionadas coas propostas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, das aprendizaxes cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, propostas que reforzan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación nos proxectos...entre outras.

11. ADAPTACIÓNS CURRICULARES.

Contéplase como unha medida máis que de xeito extraordinario sexa necesario levar a cabo. Previo aviso ás familias e seguindo o protocolo do centro.

Se revisará no momento que se considere para valorar os contidos e obxectivos marcados e facilitar a súa adquisición por parte do alumno/a. Labor que levarán a cabo o persoal docente implicado.

12. EDUCACIÓN EN VALORES

Neste primeiro curso de Primaria traballaránse con especial atención os seguintes temas transversais nas áreas curriculares:

ÁREA DAS LINGUAS

Levarase a cabo de forma transversal. É unha das directrices que guía a selección dos textos, a selección dos temas de vocabulario e en xeral, no desenvolvemento de todo o currículo.

Entre os contidos transversais que teñen unha presenza máis significativa e continuada neste ciclo son:

- **Convivencia:** o día a día na aula xera múltiples oportunidades e situacións entre iguais. Cando xogan e comparten espazos e materiais, a empatía, a cohesión grupal, a axuda mutua... As actividades e proxectos que formentan a cooperación e os momentos de conversa onde a expresión oral e a comunicación desempeña un

rol moi importante: a espera polo turno de palabra, a escoita así como, o diálogo como medio de resolución de conflitos...son as situacións nas que se moven cada día e onde os nenos/as se forman como individuos que pertencen a un grupo da sociedade onde o respecto polas normas e o respecto entre iguais van formando a integridade da súa persoa.

- Educación viaria. No que se refire a “lectura” de códigos máis usuais (formas, cores, símbolos....)
- Educación para a saúde: fundamentalmente no que se refire ao corpo, a saúde, ao deporte e actividade física, serán os temas de vocabulario a través dos cales se traballa directamente este tema transversal.
- Educación ambiental. As propostas ou proxectos que xiren ao redor da natureza, os animais, as plantas, as nosas hortas, o noso mar... promoven o respecto e o coidado polo medio ambiente.

ÁREA DAS MATEMÁTICAS

Cun maior desenvolvemento nas que seguen a continuación.

- Educación para a convivencia: a través de situacións onde o alumnado terá que valorar e xerarquizar valores. Nas propostas ou dinámicas que se desenvolven de forma colectiva, se manifestará unha valoración positiva, o respecto ás opinións e normas..etc.
- Educación para o consumidor: será a través de contidos relacionados coa compra-venda, que axuden a formarse cunha actitude crítica cara o consumo e a publicidade.
- Educación medioambiental: no que se refire a propostas de resolución de problemáticas relacionadas co noso medio e o seu coidado.
- Educación viaria. Mediante propostas relacionadas coas sinais de tráfico que aparecen nas inmediacións do cole, facer observacións e hipóteses sobre o seu uso e comportamento dos usuarios.

ÁREA DAS CIENCIAS NATURAIS E CIENCIAS SOCIAIS.

- Educación para a saúde. O descubrimento do propio corpo será o tema principal para traballar algún aspecto relacionado coa saúde e a hixiene que deben traducirse en hábitos e manterse durante toda a vida. Mención especial ao deporte, tempo de lecer e a nosa alimentación; as nosas merendas e os nosos menús diarios nos que fomentaremos unha alimentación sana, variada e equilibrada.

- Educación medioambiental. Enfocado sobre todo ao descubrimento da nosa contorna: montes, as nosas praias. O río Saíñas que está a carón do noso cole. O curso pasado realizamos un proxecto para buscar melloras e coidar o seu entorno. Este curso se retomará xa que as institucións e organismos implicados o poñerán en marcha. Nas nosas propostas incluímos material de refugallo para que o alumnado poida reutilizar e crear obxectos novos. Nos diferentes ambientes da aula, temos a disposición do alumnado materiais naturais: cortizas, troncos de madeira, pedras, cunchas, paus, froitos secos.....para contruír, crear minimundos, facer conteo, series, agrupamentos, asociacións. Potenciamos o uso do material do noso entorno natural e todo o que nos ofrece para que a nivel sensorial perciban as súas propiedades, fomentar a súa utilidade e coidado.
- Educación para o consumo. Tendo en conta o anteriormente mencionado, un axeitado uso dos materiais, o aproveitamento dos que nos ofrece a nosa contorna, conleva a reflexións sobre as actitudes de consumo responsable e a a discriminar as cousas que son de primeira necesidade de aquelas que non o son.
- Igualdade de oportunidades entre ambos sexos. Na igualdade de oportunidades, no desempeño de roles de actividades da vida cotiá.....nas diferentes propostas e pequenos proxectos da aula se da visibilidade a estas actitudes de non discriminación, de ambientes de xogo simbólico, nas conversas e momentos de reflexión sobre outras situacións cotiás onde se emprega unha linguaxe “coeducativa”.

13. PROXECTO LECTOR.

O noso Proxecto Lector de Centro garante o desenrolo das competencias para fomentar entre o alumnado actitudes e habilidades na formación como cidadáns activos e solidarios.

Deste xeito destacamos:

- Desenvolve a imaxinación e o coñecemento do mundo, dos seus habitantes, costumes e sentimentos.
- Estimula a curiosidade polo que nos rodea e acércanos a mundos diferentes e imaxinarios.
- Enriquece a linguaxe e aumenta a nosa capacidade de expresión.
- Educa en valores, axuda a coñecernos e a identificarnos con outros.
- Familiariza co uso e manexo de forma autónoma cos libros, na búsqueda de información, favorecendo así o hábito lector.

A *nosa Biblio de Aula*, conta cun ambiente propio na aula onde os contos e os libros de consulta son requeridos a diario para o uso e disfrute da

“lectura”, da creación de historias...entre outras. Vanse cambiando a medida que se precise ou tamén cando un proxecto precisa de exemplares concretos para a temática que se está a traballar.

Noutros ambientes da aula(en lóxica- matemática, minimundos, lecto-escritura ou Arte) tamén hai libros e contos que conectan directamente coas propostas presentes nese momento.

Adicamos a diario unha pequena sesión ao voltar do patio, como momento de calma, para lerlles aos nenos/as lecturas diversas con acompañamento de marionetas, obxectos ou ben a realización de pequenos textos que elaboramos en gran grupo. Fomentamos así a comprensión lectora, expresión escrita e oral acompañado da orixinalidade e creatividade nos textos.

Pretendemos integrar outras fontes informativas na aula, no tratamento dos contidos curriculares en relación ás propostas e proxectos que se traballen. A formación de lectores/ras competentes, a creación do hábito lector, uso e disfrute dos libros no tempo de lecer serán algún dos principais obxectivos a conseguir.

No que se refire a nosa ***Biblio do centro***, programamos actividades para dinamizar a nosa Biblio e a nosas lecturas. Sesións que adicaremos á nosa lingua galega, a descubrir a os nosos/as escritores da comarca ou tamén en actividades enfocadas ao descubrimento dos exemplares que temos en cada zona. Así, programaremos algunha actividade enfocada a temas da Natureza, a Arte, Cociña e a Igualdade. Como as máis interesantes e as que están directamente relacionadas coas áreas curriculares e os temas transversais, para o noso 1º curso de Primaria

14. PLAN TIC

Neste momento, o alumnado de 1º curso se aproximará ás tecnoloxías da información e da comunicación principalmente a través da iniciación á informática por medio do emprego do ordenador e pantalla con cañón na clase, para visionados de vídeos de forma puntual enfocados a completar información, compartir recursos, proxectar imaxes e visionado das súas fotografías...

O uso da cámara será unha ferramenta máis na nosa aula, para captar a realidade e o noso exterior a través das ventás e balcón.

Con respecto a este momento actual que estamos a vivir, o uso das tecnoloxías está moi presente pois é o noso medio de comunicación no caso de que se dea unha situación de ***ensinanza non presencial***. Estará destinada tanto de forma colectiva con todo o grupo como de forma individual para aqueles nenos/as que teñan que quedar na casa por motivos de contaxio. Neste tipo de situación, dispoñemos dun blog propio de aula

onde “colgamos” moitas das nosas propostas de aula que serven como guía e fonte de recursos ás familias, así como, proxectos ou outras dinámicas de aula para dar a coñecer o noso día a día. A modo de información, vai destinado ás familias para un acercamento e seguimento dos aspectos académicos, de convivencia, de xogo ... que se dan na aula.

En caso de confinamento total ou parcial, e seguindo o protocolo de Adaptación (apart. 29) ao Contexto da COVID-19, ofreceremos ás familias unha serie de propostas a realizar de forma libre do tipo das que realizamos na aula. Será a través do noso blog onde permanecerán “colgadas”. Farán referencia ás diferentes áreas e materias: propostas manipulativas, de experimentación, sensoriais, plásticas, de xogo e movemento....

Permitirá garantir a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua.

Convén resaltar que dado que estamos no 1º curso de Primaria que é o inicio nesta etapa de Primaria, poñeremos o noso foco non só nos resultados senón nos procesos, priorizando o estado anímico da familia e valorando as súas circunstancias e a situación a nivel emocional que poidan estar a presentar os nenos/as na casa.

Acompañaremos ás familias e aos nenos/as nas súas inquedanzas, preocupacións, dúbidas ou na necesidade de compartir momentos. Esta comunicación será a través do noso correo de aula que xa está en marcha dende comezos de curso, é polo de agora a nosa vía de comunicación xunto coas plataformas e medios telemáticos que o consideremos oportunos.

15. PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de convivencia é o documento no que se detalla a organización e o funcionamento do centro en relación coa convivencia.

Neste documento se establecen as liñas xerais do modelo de convivencia para adoptar no centro, os obxectivos específicos a conseguir, as normas que o regulan e as actuacións a realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos.

Podemos falar de 3 vertentes en activo:

- Convivencia entre o alumnado.
- Convivencia entre o profesorado.
- Relación coas institucións e agrupacións do contorno escolar.

CONVIVENCIA ENTRE O ALUMNADO.

Observando a contorna que rodea ao alumnado non se aprecian graves problemas de convivencia, aínda que ás veces, algunhas situacións están revestidas de certa disciplina coa finalidade de marcar os límites, que sexan claros para unha convivencia favorable e amigable.

Marcamos como **obxectivos**:

- A convivencia co grupo-clase neste momento. En adiante, cos demais grupos de Primaria e de Infantil para compartir momentos, proxectos e espazos comúns.
- Respetar e compartir cos compañeiros do grupo-clase.
- Aceptar e cumprir as normas.
- Resolver pacíficamente os conflitos.
- Coidar e axudar cando un compañeiro/a o precisa.
- Coidar das instalacións e dos nosos espazos.

Como **actividades** a desenrolar.

- Sesións de xogos, dinámicas de grupo, de cohesión grupal e charlas cos titores e coa orientadora do centro para analizar como percibe o alumnado as relacións cos seus compañeiros e identificar os conflitos máis frecuentes entre eles.
- Sesións de xogos e charlas para analizar como percibe o alumnado as relacións cos mestres e identificar os posibles conflitos.

CONVIVENCIA ENTRE O PROFESORADO DO CENTRO

Aportar a nosa opinión sobre os criterios que se están a seguir en aspectos referentes á organización do centro, tales como:

- A elaboración de horarios.
- A vixilancia nos recreos e corredores.
- O alumnado con NEAE e a organización de apoios.
- O funcionamento dos equipos docentes (reunión, liñas de comunicación/colaboración, traballo en equipo, coordinación, toma de decisións e acordos).
- As substitucións.
- A distribución do alumnado.
- Escolarización e acollida ao alumnado novo.
- Participación en distintos programas de innovación.
- Acollida ao profesorado de recente incorporación.

- Acompañamento entre o profesorado.
- Manifestar as nosas impresións con referencia a temas que afectan ao alumnado tales como: aillamento, absentismo, acoso, falta de vínculo co grupo de referencia e cohesión grupal....temas que se traballarán nas reunións de ciclo e nos consensos a nivel de claustro para chegar a acordos e toma de decisións.

RELACIÓNS COAS INSTITUCIÓNS E AGRUPACIÓNS DO CONTORNO ESCOLAR.

Relacións de coordinación mantidas cos outros centros do Concello co obxectivo de obter información e diagnósticos sobre o alumnado. Analizar o grao de participación das familias, identificar as situacións que xeran conflito: reunión de clase, entrevistas co titor ou titora, reclamacións individuais ou de grupo.

16. PLAN LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Tal e como sinala o Plan Lingüístico, a lingua na que se expresan normalmente o alumnado e o profesorado de centro é o galego, polo que será o idioma vehicular na docencia a excepción das materias que se impartirán en castelán: área das matemáticas, educación plástica e educación física.

No Primeiro curso desenvolvemos as seguintes actividades lingüísticas:

- Lecturas varias e sesión de contacontos. Serán en galego ou en castelán ao longo da semana. Cada día á volta do patio e coincidindo co momento de volta á calma, os nenos/as dedican un momentinho á “lectura” de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo. A mestra tamén fai sesión de contacontos ou de lecturas varias: poesía, historias inventadas, de libros de información e consulta...etc.
- Obradoiro de contos: co fin de animar á lectura ao noso alumnado, organizamos obradoiros de contacontos na nosa aula e tamén na sesión quincenal que temos na nosa Biblio. Os nosos contos tamén completan pequenos proxectos de investigación cos que están directamente conectados e coa súa correspondente programación de propostas referidas ás diferentes áreas curriculares.

Dende a Biblioteca o EDNL e o Equipo de Actividades Complementarias organizan unha serie de actividades nas que tamén participaremos. Neste momento estanse a levar a cabo nas aulas ou ben nas sesións que podemos levar a cabo na nosa Biblio.

Entre outros obxectivos teñen como intención, o desenvolvemento da competencia lingüística: participarase en actividades comúns

relacionadas coa lingua galega, resaltando momentos de cooperación e colaboración de todo o centro en días conmemorativos: Día de Rosalía, Día do Libro, Día das Letras Galegas...

17. RECURSOS

A nivel de centro non traballamos con libros de texto. De maneira concreta, no 1º curso de Primaria enfocamos os nosos contidos da programación ao emprego de múltiples recursos:

- Os que empregamos as mestras para elaborar as nosas propostas que están nos diferentes ambientes da aula.
- Emprego de materiais da vida cotiá que acerca ao nenos/as á vida diaria.
- Utilización de materiais naturais por conectar coa natureza, a nivel sensorial nos permiten descubrir múltiples oportunidades e as súas características.
- Materiais que permitan manipular, experimentar, sentir...
- Recursos tecnolóxicos: cámara dixital, ordenador para consulta e búsqueda de información, consultar o blog da aula.
- Libros, contos, xogos, instrumentos musicais.
- Material funxible: cartolinas, folios, rotuladores, témperas, acuarelas, plasti, barro, ceras, tesoiras....
- Material de refugallo que empregamos para reutilizar e dar unha segunda oportunidade de uso e disfrute: en propostas sobre todo de Arte onde con moita creatividade elaboran con: tubos e caixas de cartón, xornais e revistas, tapóns, láminas de cartón, teas, corchos...
- Materias procedentes das hortas e da nosa contorna: cabazas, millo, follas, cortizas, piñas, cunchas, pedras, paus, froitos secos...

18. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

Ao longo do curso participaremos nas actividades complementarias que se propoñan a nivel de centro ou a través da ANPA. Debido a esta situación derivada do COVID-19, quedan aplazadas no que se refire ás celebracións nas que todos/as xuntos compartíamos estes grandes momentos. Polo de agora, as estamos a levar a cabo nas aulas e co grupo de referencia. Para non perder esa exencia, dotar de normalidade o noso día a día e gozar das celebracións da nosa contorna. Así como, actividades complementarias que son un complemento ao currículo, se celebrarán as seguintes:

- O Magosto.
- Samaín.
- O noso Nadal. Ata o momento celebrábase Festa de Fin de Ano.
- O Entroido.
- Semana do Libro.
- Semana das Letras Galegas...e todas aquelas actividades propostas polos diferentes equipos do centro: ENDL, Biblioteca...

19. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Co remate do curso, realizarase unha avaliación da programación atendendo a:

- Grao de consecución dos obxectivos inicialmente plantexados.
- Adecuación das actividades ao alumnado á quen van dirixidas.
- Adaptación dos recursos presentados.
- Atención á diversidade.
- Valoración dos Proxecto Lector, Tics, Convivencia e Lingüístico.
- A organización dos espazos, dos tempos e das rutinas. A súa flexibilidade e adecuación.
- Implicación de todos os participantes.
- Grao de satisfacción dos implicados.

Nas reunións de ciclo, faremos unha revisión de cada un destes puntos para tomar nota nos aspectos a mellorar ou cambiar da nosa programación de ciclo ou de aula.

Recolleremos por escrito e engadiremos á memoria final do 1º curso., así como ao que compete a este primeiro ciclo de Primaria.

En Cangas do Morrazo a 16 de setembro 2022

A titora de 1º curso de Primaria

Rosa María López Sotelo